



PLAN DIXITAL

[CEIP Plurilingüe de Centeiras]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome: Ceip Plurilingüe de Centieiras
- Dirección: Rúa Alta 16, Fene.
- Dirección de correo electrónico: ceip.ascentieiras@edu.xunta.gal
- Dirección da páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcentieiras/>
- Etapas educativas: Educación Infantil e Primaria
- Número total de alumnado: 163 alumnos e alumnas
- Número total de profesorado: 18 mestras e mestres

1.1. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro enmárcase nun entorno urbano, na localidade de Perlío (Fene). O concello conta con 13.000 habitantes e pertence a comarca de Ferrolterra. O contexto socioeconómico do alumnado é medio, cunha pequena porcentaxe de nivel económico baixo. A meirande parte das familias obteñen recursos do sector secundario e terciario.

O nivel cultural tamén é medio, contando no concello con oferta cultural procedente de varias fontes:

- Oferta cultural do concello: casa da cultura, museo do humor, biblioteca municipal, programas culturais promovidos pola concellería de cultura...
- A asociación de veciños promove e organiza distintas actividades ao longo do ano.
- Asociación Airiños e a banda de gaitas de Fene organizan cursos e actividades relacionadas coa música tradicional.
- Tamén existen pistas polideportivas municipais como a que está anexa ao centro e que se utiliza para actividades deportivas e extraescolares do propio centro, así como as pistas de tenis, o campo de fútbol e a piscina municipal.
- As asociacións educativas e os diferentes organismos da comarca organizan e participan en actividades enriquecedoras. Podemos falar da O.N.C.E, ASPANEPS...

O Plan Dixital de centro vai a contribuir a mellorar o desenvolvemento de centro, no que ao uso das TICs e innovación dixital se refire. O noso centro, é un centro no que as novas tecnoloxías e a innovación están moi presentes. Foron diferentes e variados os proxectos que levamos a cabo ao longo do curso:

- **REFÓRZA-T:** trátase dun proxecto de innovación da Consellería cuxa finalidade favorecer a aprendizaxe dos coñecementos necesarios nas Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e na Comunicación lingüística integrando no proceso de aprendizaxe do alumnado de ferramentas que faciliten a planificación e organización do estudo aplicando estratexias metodolóxicas innovadoras e favorecendo a motivación do alumnado.

- **PLAMBE:** entendemos a biblioteca como un centro creativo de aprendizaxes e por iso, estar adheridos ao plan de mellora de bibliotecas escolares (PLAMBE) é fundamental. O PLAMBE ten como obxectivos xerais e a grosso modo os que seguen: mellora de espazos e recursos, fomentar a lectura e a escritura, as competencias informacionais no alumnado, potenciar as alfabetizacións múltiples e adquirir as competencias clave. Aspectos cunha importancia relevante dentro da nosa concepción da educación.
- **Biblioteca creativa:** enmarcado dentro do PLAMBE, biblioteca creativa acerca a tecnoloxía e a innovación ao espazo da biblioteca a través da robótica, recanto fedello...
- **Plan lectura e familias:** durante este curso escolar dende a biblioteca organizáronse charlas, obradoiros e formacións dirixidos ás familias e alumnado coa intención de formarnos en temas como a escritura creativa, recursos de lectoescritura...
- **E- Dixgal:** o proxecto E-Dixgal ven a cubrir unha necesidade do alumnado de traballar con ferramentas TIC e adquirir un nivel de competencia suficiente como para ser autónomos no seu uso diario. Así, esta proposta facilita o desenvolvemento de proxectos de educación dixital mediante a incorporación de materiais dixitais nos cursos de 5º e 6º de primaria. Ademais, dota de ordeadores portátiles ao alumnado que cursa estes niveis en réxime de empréstimo, substituindo desta maneira os libros de texto tradicionais.
- **Digicraft:** é un programa educativo que ten como obxectivo formar ao alumnado de entre 6 e 12 anos nas competencias dixitais, que lles permitirán desenvolver ao máximo o seu potencial. A metodoloxía Digicraft é unha proposta didáctica innovadora para desenvolver a competencia dixital a través do xogo e a experimentación.
- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23:** durante o próximo curso os obxectivos recollidos neste plan formarán parte da PXA do centro, establecendo as liñas básicas de actuación neste eido.

1.1. Breve xustificación do mesmo

Para a inclusión do Plan Dixital no centro, tomamos como referentes legais os seguintes :

- Art.111 bis (tecnoloxías da información e da comunicación), Art.121(proxecto educativo) e Art. 132 (competencias do director/a) da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE)
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.1. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan, primeiramente organizouse unha reunión do equipo Tics do centro, nesa reunión acordouse que dito equipo pasase a formar o Equipo de Dinamización do Plan Dixital, o cal se encargaría de dar forma ao desenvolvemento do plan: deseño, elaboración e implementación.

O Equipo de Dinamización está formado por catro mestres: a directora do centro, dous mestres titores e unha mestra especialista de E.F. Dentro do equipo atopamos a figura da coordinadora, a cal se encarga de establecer contacto co Asesor Dixital e seguir as pautas e tarefas encomendas por parte dos Servizos Centrais.

O proceso de elaboración seguiu a seguinte ruta:

- Reunión inicial para informar dos diferentes aspectos que atinxen ao desenvolvemento do plan e organización para a súa posta en marcha.
- Enquisa SELFIE ao profesorado e alumnado maior de 10 anos. O profesorado realizou a enquisa a través do enlace que o equipo de dinamización enviou ao correo do centro. O alumnado realizou a enquisa a través do enlace colgado no EVA ou a través dun código QR que nos dirixía tamén a dito enlace da enquisa.
- O seguinte paso foi a realización do Test de CDD, no cal o centro tivo unha alta participación, xa que tanto mestres definitivos, interinos, substitutos e de baixa, realizaron dito test. Para a correcta realización, enviouse por correo as instrucións para acceder a Fprofe.
- Reunión dos coordinadores cos asesores dixitais para recibir instrucións previas e pautas precisas de cara ao curso de formación para a elaboración do DAFO (16 de marzo)
- Creación da aula virtual do Plan Dixital, creando así un espazo de traballo común, para poder desenvolver de xeito exitoso a elaboración do mesmo.
- Curso de formación de “Desenvolvemento do Plan Dixital de centro”, dividido en dúas sesións (a primeira delas o 21 de marzo e a segunda o 20 de abril) ao que asistimos os catro membros do equipo.
- Elaboración do DAFO usando a ferramenta BOARD coas categorías implementadas.
- Elaboración conxunta, de todo o equipo, das táboas cos diferentes obxectivos do Plan de Acción tras a análise DAFO.

1. Situación de partida

1.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital:

- **Conectividade:** o centro conta con conectividade sen fíos a través da rede *edu.xunta.es* (E-dixgal) a cal permite a conexión desde calquera dispositivo autentificándose coas credenciais corporativas do propio usuario ("nome de usuario" e "contrasinal"), e tamén con conectividade cableada por exemplo: nos equipos de dirección, na sala de profesorado e biblioteca.
- **Infraestructuras de voz:** dispónse de dous teléfonos inalámbricos, un teléfono fixo en dirección, e un teléfono móbil. O centro dispón de megafonía con diferentes altosfalantes (usados para música de entrada, recreo, lectura e saída)

Equipamento:

O **equipamento** de centro foi **recopilado no inventario de Xade**, destinado para tal función; nel, recolleuse con detalle o equipamento dixital do centro, tanto en uso como o que está en almacén.

- **Proxecto E-dixgal:** somos un centro E-dixgal dende o curso 2020-2021, as aulas de 5ºA, 5ºB e 6º son aulas E-Dixgal, onde cada alumna/o conta cun equipo propio e tamén cada docente que imparte materias nesas aulas. Estas aulas teñen recursos propios como son o cañón e pizarra dixital interactiva, nelas contamos con conexión wifi.
- **Aulas dixitalizadas:** son todas as aulas de primaria, a aula multiusos de infantil, a biblioteca, a aula de inglés, a aula de arts, a aula de música e a biblioteca. Todas elas contan con ordenador, cañón e pizarra dixital. A sala de profesorado conta con tres ordenadores de sobremesa para uso diario do profesorado e tamén cunha impresora. En dirección, cóntase con tres ordenadores de sobremesa e unha impresora. En secretaría contamos cunha impresora para uso de todo o profesorado. No departamento de orientación contamos cun ordenador portátil e unha impresora. Na aula de PT hai un ordenador portátil.
- **Aula de informática:** nesta aula contamos con ordenadores de sobremesa, monitores, altosfalantes, teclados e ratos (son equipos antigos e algúns requirirían renovación) Esta aula está a disposición de todo o centro. En almacén contamos con dúas impresoras de tinta e material informático diverso (ratos, altosfalantes e teclados)

- **Biblioteca:** dispón de dous ordenadores; un de sobremesa para catalogar e outro portátil para búsqueda de información, proxectos, impresora 3D, presentacións dixitais,...
- **O equipo de xestión e administración:** a coordinadora Tics é a encargada de administrar e xestionar todo o relacionado co equipamento dixital, apoiándose no resto do equipo Tic, que coopera e apoia esta xestión. Ademais, no centro temos contratada unha empresa informática externa que nos proporciona soporte neste aspecto.
- **Equipamento para proxectos específicos:** un dos proxectos nos que estamos inmersos neste curso é Digicraft; para este proxecto tivemos unha dotación específica de material dixital: cámaras web, tabletas gráficas e kits de placas Makey Makey e cables cocodrilo.
- **Equipos ultraportátiles:** temos a disposición 7 ordenadores portátiles facilitados pola Consellería para uso, se fose necesario, de alumnado en risco de exclusión dixital; estes ordenadores, se non se usan para este alumnado, poden usarse polo centro para proxectos, actividades de aula, etc. Estes equipos teñen cargador e router propio.
- **Servizos dixitais educativos:** como **servizos corporativos** contamos con: páxina web do centro (moi empregada pola comunidade educativa), aula virtual (aula virtual de cada curso de primaria e infantil, aula virtual de Digicraft, aula virtual do Plan Dixital,...), E-Dixgal no terceiro ciclo (5ºA, 5ºB e 6º), correo electrónico, e tamén con espazo Abalar para a comunicación coas familias e planificación de titorías. En canto a **servizos non corporativos**, contamos con: Google Drive con dominio de centro, dentro de Gsuite (espazo común de traballo de todo o profesorado)
- **Lexislación de referencia e protocolos relacionados coas TIC:**
 - **Plan de Continxencia** do centro:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcentieiras/node/1865#attachments>
 - **EspazoAbalar/abalarmobil:**
<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/nova/abalarmobil>
 - **Plan Dixital:**
Resolución do 3 de setembro de 2021 pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos de Galicia, curso 2021- 2022
<http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/35027>
 - **Plan TIC**, dentro do Proxecto Educativo de centro (anexo VIII)
 - **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.**

1.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Neste apartado, inclúese primeiramente a información do resumo das áreas do informe SELFIE.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.5				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	3.4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	4				
	Alumnado	4.1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.5				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	1.7				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado	3.9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1.6				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.5				
	Profesorado	3.5				

	o					
	Alumnado	4.3				

Na seguinte táboa pódese observar a participación no Test de CDD segundo o perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>12</u>	<u>14</u>	<u>85,7%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO	<u>6</u>	<u>7</u>	<u>85,7%</u>
DESPRAZADO (outros)	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>

A puntuación e o nivel de competencia do centro trala realización do Test de CDD foi a seguinte:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>85,9%</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4%</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

A distribución do profesorado por niveis de competencia foi a seguinte:

	Total profesorado nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>5</u>	<u>23,8%</u>
B1	<u>10</u>	<u>47,6%</u>
B2	<u>3</u>	<u>14,3%</u>
C1	<u>2</u>	<u>9,5%</u>
C2	<u>1</u>	<u>4,8%</u>
TOTAL	<u>21</u>	<u>100%</u>

1.2. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
C A T E G O R Í A S	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C1. Apoio do ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais a través de infraestrutura dixital.</p> <p>C2. Hai dispositivos dixitais que podemos usar na nosa labor docente.</p> <p>C3. Acceso a internet para a ensinanza e aprendizaxe.</p> <p>C7. Existencia de sistemas de protección de datos.</p>	<p>C7. Uso insuficiente de sistemas de protección de datos.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>A3. Apoio á hora de probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>B2. Debate sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>B3. Utilización de tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións.</p> <p>D2. Acceso a FPP no relativo ao ensino e á aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D3. Intercambio de experiencias dentro do centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D1. Debate de necesidades sobre tecnoloxías dixitais no centro.</p> <p>E1. Búsqueda de recursos educativos dixitais en internet.</p> <p>E3. Utilización de contornos virtuais de aprendizaxe.</p> <p>E4. Utilización de tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ó centro educativo.</p> <p>F1. Utilización de tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do</p>	<p>E.3. Emprego de contornos virtuais de aprendizaxe.</p> <p>F6. Fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>B1. Avaliación dos procesos de ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>B2. Persoal docente con competencias dixitais insuficientes.</p> <p>G3. Carencia de tempo para desenvolver material e para dar retroalimentación ó alumnado.</p>

	<p>alumnado.</p> <p>F3. Utilización de actividades de aprendizaxe dixitais que fomenten creatividade.</p> <p>F5. Uso da tecnoloxía para facilitar cooperación do alumnado.</p> <p>G1. Utilización de tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p>G3. Retroalimentación ao alumnado utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>G5. Reflexión do alumnado utilizando tecnoloxías dixitais sobre a súa aprendizaxe.</p>	
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<p>C8. Existencia de dispositivos propiedade do centro que o alumnado pode utilizar.</p> <p>H1. Actuación de maneira segura en internet.</p> <p>H3. Actuación de maneira responsable en internet.</p> <p>H4. Aprendizaxe sobre a utilización de información en internet de maneira fiable e precisa.</p>	<p>H7. Aprendizaxe de creación de contidos dixitais.</p> <p>H8. Uso da tecnoloxía para comunicarse.</p> <p>Alumnado con competencias dixitais insuficientes.</p>
FAMILIAS		<p>Baixo grao de desenvolvemento da competencia dixital das familias.</p>
OFERTA	<p>A3. Apoio para a exploración de novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.</p>	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A1. Estratexia dixital de centro. Desenvolvemento da estratexia dixital de maneira conxunta. Apoio á hora de probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C5. Existencia de asistencia técnica cando xorden problemas.</p>	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C1,C2, C3 e C5. A infraestrutura dixital respalda o proceso de ensino-aprendizaxe, contando o centro con diferentes dispositivos dixitais e recurrido a asistencia técnica cando é preciso e facilitando o acceso a internet para a enseñanza e aprendizaxe.	C1. Falta de fondos suficientes que afectan negativa á ensinanza aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. C3. Conexión a internet pouco fiable ou lenta. C2. Equipo dixital insuficiente.
	LEXISLACIÓN		C7. Descoñecemento da existencia de sistemas de protección de datos
	CONTORNA	B.3.O centro ten experiencia no uso de entornos virtuais e mantén comunicación regular e ben organizada coas familias do alumnado, así como tamén, con outras entidades e asociacións da contorna.	C1. Mellorar o uso da tecnoloxía para actividades de aprendizaxe non relacionadas co colexio.
	ANPA	E.4 Comunicación, participación e implicación continua e directa da ANPA no referido ao ámbito dixital relacionado co centro (espazo propio dentro da páxina web do centro, creación de recursos e aportación continua ao progreso dixital)	
	OUTRAS ENTIDADES	B3. Colaboración con outras entidades a través do uso da tecnoloxía dixital (Concello, biblioteca municipal, asociacións culturais, escolas e clubs deportivos, centro de día e outros centros educativos da contorna)	

2. Plan de Acción

O Plan de Acción elaborouse de acordo ás necesidades, circunstancias e propostas concretas xurdidas na situación actual, pero este será rediseñado en función do contexto concreto sobre o que actuemos en cada curso académico.

Para un correcto desenvolvemento do Plan, teremos en conta os diferentes recursos cos que contamos en concreto en cada curso, tanto materiais coma humanos.

O obxectivo principal deste Plan de Acción é unha concreción daqueles aspectos que consideramos relevantes para unha axeitada mellora dixital do noso centro. Por iso, nos centramos en obxetivos concretos, alcanzables e que contribúan á mellora dixital global de toda a comunidade educativa.

2.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os **obxetivos** para o Plan de Acción foron froito dun consenso entre todo o profesorado, no cal se fixo fincapé en aqueles aspectos que consideramos relevantes no ámbito dixital para o noso centro. Esta selección de obxetivos fíxose a partir do DAFO. A secuencia de pasos seguida para a elaboración do Plan de Acción, foi a seguinte:

- Reunión do Equipo de Dinamización do Plan para realizar a análise e reflexión sobre o noso DAFO. Desta reunión, extraéronse conclusións e acordáronse os puntos claves para elaborar os obxetivos.
- Elaboración conxunta, por parte do equipo, dos obxetivos.
- Redacción dos obxetivos.
- Concreción dos demais aspectos incluídos nas táboas (responsables, datas, recursos...)
- Revisión conxunta das táboas, para ver as posibles melloras ou erros xurdidos.
- Envío das táboas para análise polo Asesor Dixital.
- Reunión do Equipo para nova análise tralas correccións por parte do asesor e reflexión sobre elas.
- Nova redacción das táboas para a inclusión definitiva no Plan Dixital.

As áreas prioritarias nas que centraremos a nosa atención serán: colaboración e redes; pedagogía: apoios e recursos; pedagogía: implementación na aula; desenvolvemento profesional continuo; infraestrutura e equipos e prácticas de avaliación. Téndoas como base, elaboramos os obxetivos que consideramos que son importantes dentro do noso contexto educativo e os cales queremos conseguir coa posta en marcha deste Plan. Estes obxetivos serán específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal (curso 2022-2023)

Os obxetivos que plantexamos son realistas, para iso nas táboas que aparecen no seguinte punto, refléxase como se conseguirá cada un deles, cando se conseguirá e con que elementos contaremos para conseguilos. Debemos de ter en conta o punto de partida de cada obxetivo e ata onde queremos chegar.

Para concretar cada obxetivo, establecéronse unha serie de accións encamiñadas á consecución dos mesmos; tamén se escolleron os responsables da vixiancia e cumprimento de cada obxetivo e acordouse unha temporalización concreta para cada un, así como os recursos que se empregarán para poder alcanzalos con éxito.

Para cada obxetivo, completouse unha táboa que recolle esta información ben especificada. Esta mesma táboa, servirá para facer o seguimento de cada obxetivo na fase de avaliación do Plan.

1.1. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro está en **proceso de mellora** de equipamento e infraestruturas:

- Educación infantil carece de proxector e pizarra dixital nas aulas ao igual que algunhas das aulas das especialidades.
- Necesítase unha conexión a internet para persoas invitadas ao centro (profesorado non docente de actividades extraescolares, auxiliar de conversa, persoal de servizos, ANPA do centro...) que non teñen unha conta de eduxunta e por elo non poden acceder á conexión do centro para o seu traballo diario.
- Conexión a internet para dispositivos de centro: tablets, ordenadores de empréstito de biblioteca, de maneira que non se deba acceder coas claves persoais de profesorado.
- Renovación dos equipos da sala de profesorado, preferentemente portátiles para implementar espazos flexibles de traballo.
- Conexión en rede local dos ordenadores de profesorado.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:							
OBXECTIVO 1 (1):	Dinamizar espazos para desenvolver e compartir materiais dixitais.					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado implicado na elaboración, cooperación e compartición de materiais en rede. (Indicadores: rexistro da actividade no espazo común de traballo)						
Valor de partida (3)	20% do profesorado						
Valor previsto e data (4)	60% do profesorado (titores e especialistas)				20/6/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Crear grupos de traballo para a elaboración e colaboración na realización de materiais.	Coordinador/a de ciclo	1/10/2022	Grupos estables de traballo		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Crear o espazo común de traballo para a compartición de materiais dixitais.	Coordinador Tic	31/10/2022	Espazo accesible a todo o profesorado (dentro da aula virtual do centro)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Dinamizar o uso deste espazo común e potenciar o seu uso por parte do profesorado.	Dirección	20/6/2022	Rexistro da actividade		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Áreas de mellora”:							
OBXECTIVO 2 (1):	Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente na etapa de Educación Infantil.					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos dixitais creados polo profesorado e aplicados na práctica docente. (Indicador: rexistro das actividades realizadas)						
Valor de partida (3)	Non hai rexistros						
Valor previsto e data (4)	Creación de tres recursos dixitais ao longo do curso escolar				20/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A02.1: Organizar grupos de traballo para intercambios de experiencias e búsqueda de materiais.	Coordinador/a de E.I	30/10/2022	Grupo estable de traballo		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.2: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo de E.I e aos grupos de E.I do noso centro (presentacións dixitais, xogos interactivos, ...)	Xefatura de Estudos e profesorado	20/6/2023	Recursos creados		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.3: Compartir na aula virtual ou na web do colexio os recursos creados polo profesorado.	Profesorado	20/6/2023	Publicacións realizadas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Áreas de mellora”:						
OBXECTIVO 3 (1):		Desenvolver tarefas interdisciplinares que usen ferramentas dixitais			Acadado	
RESPONSABLE:		Profesorado			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de tarefas interdisciplinares levadas a cabo co alumnado na aula virtual Instrumento de medida: rexistro das tarefas na aula virtual					
Valor de partida (3)	2% do profesorado desenvolveu tarefas interdisciplinares					
Valor previsto e data (4)	20% do profesorado deberá desenvolver tarefas interdisciplinares			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Indagar e buscar tarefas interdisciplinares dixitais adaptadas as características e necesidades do alumnado.	Profesorado	20/6/2023	Internet, blogues, páxinas educativas...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Crear e adaptar diversos proxectos interdisciplinares dixitais para a súa implementación na aula.	Profesorado	20/6/2023	Aplicacións web de creación de recursos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Compartir no espazo común de traballo os proxectos e experiencias interdisciplinares realizadas.	Profesorado	20/6/2023	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO 4 (1):	Promocionar a realización de formación dixital por parte do profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES OBXECTIVO (2)	DO	Existencia de actividades de formación dixital do profesorado dentro do PFPP				
Valor de partida (3)	0 experiencias de formación realizadas no curso 2021/2022					
Valor previsto e data (4)	1 experiencia de formación realizada durante o curso 2022/2023			20/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1.Crear un grupo de traballo de formación dixital.	Dirección	30/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2.Implementar actividades dixitais na aula.	Profesorado	30/06/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3.Compartir no espazo común de traballo as tarefas e experiencias realizadas.	Profesorado	30/06/2022	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”:						
OBXECTIVO 5 (1):	Solicitar dotación de equipos e recursos informáticos á Consellería de educación.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TICS				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de solicitudes realizadas durante o curso					
Valor de partida (3)	0 solicitudes realizadas					
Valor previsto e data (4)	3 solicitudes realizadas			20/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Crear unha relación de necesidades de equipamento e establecer a finalidade do mesmo	Coordinador/a TIC	30/06/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Realizar a solicitude a Unidade de Atención a Centros (UAC)	Dirección	30/06/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Revisar periódicamente o estado das solicitudes e necesidades do centro	Coordinador/a TIC	30/06/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:

OBXECTIVO 6 (1):	Iniciarse no uso dos instrumentos dixitais para a avaliación do alumnado.			Acadado		
RESPONSABLE:	Profesorado de cada área			Non acadado		
INDICADOR/ES OBXECTIVO (2)	DO	Número de profesionais que empregan instrumentos dixitais na avaliación do alumando.				
Valor de partida (3)	5% do profesorado emprega instrumentos dixitais de avaliación.					
Valor previsto e data (4)	30% do profesorado emprega instrumentos dixitais na avaliación		20/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Potenciar o uso de instrumentos dixitais de avaliación entre o profesorado mediante o uso da aula virtual e as posibilidades de avaliación de Moodle	Equipo TIC	1/10/2022	Aula virtual e profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Incorporar instrumentos dixitais de avaliación na programación de cada área.	Profesorado	30/10/2022	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:					
OBXECTIVO 7 (1):	Fomentar a adquisición do grado Integrador (B1) de competencia dixital por parte do profesorado			Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC			Non	

					acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de profesorado co grado Integrador (B1) de competencia dixital docente.				
Valor de partida (3)	10 mestres co grado integrador (B1) de competencia dixital docente.				
Valor previsto e data (4)	80% do profesorado co grado integrador de competencia dixital docente.				22/06/2023
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO7.1: Detectar as necesidades de formación segundo o informe do Test de CDD e orientar ao profesorado na formación máis adecuada as súas necesidades.	Equipo TIC	31/ 12/2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO7.2: Intercambiar experiencias entre o profesorado do centro (formación entre iguais)	Profesorado	20/6/2023	Recursos humanos (grupos de profesorado)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO7.3: Cooperar na realización de tarefas dixitais.	Profesorado	20/06/2023	Recursos humanos Aula virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaríanos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓN A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de

desenvolvemento

1. Avaliación do plan

No procedemento de seguimento do desenvolvemento do Plan e para a consecución de obxetivos, teremos en conta **dous tipos de avaliación** :

- **Avaliación procesual:** realizarase como mínimo unha vez trimestralmente. Nela, incidiremos na observación de aspectos como: o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- **A avaliación final:** se realizará mediante a memoria de centro ao finalizar o curso 2022-2023 onde se incluírá a valoración dos obxectivos e as propostas de mellora para o curso seguinte. Esta avaliación vai servirnos como feedback, para recibir de novo información e mellorar as accións e obxetivos do curso seguinte.

1. Difusión do plan

Tendo en conta o plan de comunicación do centro, este plan publicárase na páxina web do centro e enviarase ás familias e profesorado a través da aplicación Abalar móbil.